

Campus de Ourense

Escola
de Enxeñaría
Informática

Grao en Enxeñaría
Informática

Rama de coñecemento

Enxeñaría e arquitectura

Prazas

90

Créditos ECTS anuais

60

Créditos ECTS totais

240

Descrición

Titulación vinculada ao exercicio da profesión de enxeñaría técnica en informática. Preténdese a formación para o exercer profesionalmente no desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías da información das comunicacións (TIC) no ámbito da informática: administración de sistemas e redes,

enxeñaría do software, enxeñaría web, análise e programación, calidade de software ou consultorías tecnolóxicas, entre outros.

Saídas profesionais

— Proxectos: análise, dirección e organización de proxectos informáticos; proxectos de enxeñaría de sistemas e informática industrial; proxectos de enxeñaría de programas e de sistemas de aplicación; especificación e deseño de solucións informáticas; planificación e proxectos de control de software, estudos de mercado.

— Redes, comunicacións e sistemas informáticos: análise e deseño de sistemas informáticos, optimización de métodos e medios de comunicación co computador, usuarios, administración, configuración e control de redes de computadores, de sistemas de bases de datos, sitios web; análise de sistemas de informática.

— Soporte técnico informático: administración de sistemas informáticos a empresas, control de funcionamento e empregos de equipo, mantemento e seguridade de equipos e información, conservación de infraestruturas.

— Aplicacións informáticas: estudos de mercado informático en referencia a novos produtos, elaboración de análise funcional de necesidades e requisitos informáticos da empresa.

— Consultoría e auditoría: consultoría técnica, auditoría informática, consultoría en novas tecnoloxías, estudos de mercado, avaliación de organización e funcionamento.

Perfís profesionais

— Tecnoloxías da información: orientadas cara a departamentos tecnolóxicos de empresas de calquera sector industrial (selección de integración de produtos hardware e software adecuados, definición da política informática da empresa, desenvolvemento das súas actividades en internet, deseño da seguridade do sistema informático, vixilancia da tecnoloxía etc)

— Enxeñaría de software: orientada cara os consultores e empresas dedicadas ao desenvolvemento de aplicacións software (modelaxe de software, análise de requisitos, verificación de sistemas informáticos...)

+ Info

A Escola Superior de Enxeñaría Informática informa de que a Comisión Europea alertou recentemente de que en 2015 non se poderán cubrir

preto de 864.000 vacantes no ámbito das tecnoloxías da información e das comunicacións.

Primeiro curso

Primeiro cuadrimestre

Álgebra lineal
Fundamentos éticos e xurídicos das TIC
Fundamentos matemáticos para a informática
Programación I
Física: sistemas dixitais

Segundo cuadrimestre

Empresa: administración da tecnoloxía e a empresa
Análise matemática
Informática: algoritmos e estruturas de datos I
Programación II
Arquitectura de computadoras I

Segundo curso

Primeiro cuadrimestre

Estatística
Algoritmos e estruturas de datos II
Sistemas operativos I
Enxeñaría do software I
Arquitectura de computadoras II

Segundo cuadrimestre

Redes de computadoras I
Sistemas operativos II
Bases de datos I
Enxeñaría do software II
Arquitecturas paralelas

Terceiro curso

Primeiro cuadrimestre

Linguaxes de programación
Redes de computadoras II
Bases de datos II
Interfaces de usuario
Hardware de aplicación específica

Segundo cuadrimestre

Dirección e xestión de proxectos
Procesadores de linguaxe
Concorrencia e distribución
Sistemas intelixentes
Centros de datos

Cuarto curso

Primeiro cuadrimestre

Aprendizaxe baseada en proxectos
Seguridade en sistemas informáticos
Tres optativas

Segundo cuadrimestre

Técnicas de comunicación e liderado
Traballo de fin de grao
Dúas optativas

Optativas

Prácticas externas: prácticas en empresa I
Prácticas externas: prácticas en empresa II
Desenvolvemento e calidade do software
Enxeñaría de software orientada a axentes
Métodos formais na enxeñaría do software
Sistemas de negocio
Técnicas de simulación
Validación e probas
Desenvolvemento de aplicacións para internet
Dispositivos móbiles
Informática gráfica
Informática industrial
Técnicas avanzadas de manexo de información
Tecnoloxías e servizos web

Desenvolvemento e integración de aplicación
Deseño de arquitecturas de grandes sistemas software
Procesos software
Reenxeñaría de software
Codificación e criptografía
Dirección estratéxica das TIC
Redes corporativas
Modelaxe e simulación de procesos
